

O Auditorio de Arteixo acolle 'Kyoki', o espectáculo familiar de Elefante Elegante sobre o alzhéimer

Este venres, 19 de abril, ás 18.30 h, a compañía de teatro físico liderada por María Torres e Gonçalo Guerreiro leva a Arteixo unha peza de linguaxe xestual sobre o esquecemento, a vellez e a soidade desde unha ollada poética, cómplice, cómica e reflexiva

As entradas para ver 'Kyoki' -palabra que significa "demencia" en xaponés- pódense mercar por adiantado na web eventosarteixo.com ou ben o mesmo día da función na billeteira do Auditorio



María Torres protagoniza 'Kyoki' © Vanessa Rábade

A Coruña, 17 de abril do 2024.- O alzhéimer desde unha ollada poética e cómplice é o fio condutor de [Kyoki](#), o espectáculo que **Elefante Elegante** levará ao **Auditorio de Arteixo este venres, 19 de abril, ás 18.30 h**. Esta peza para público familiar dos creadores María Torres e Gonçalo Guerreiro é unha viaxe emotiva da infancia á vellez a través da memoria, unha obra de linguaxe xestual cómica e reflexiva sobre o esquecemento e a soidade. As entradas pódense mercar por adiantado na web eventosarteixo.com ou ben o mesmo día da función na billeteira do Auditorio en horario de 11.30 a 13.30 e de 16.30 a 18.30 horas. Os prezos oscilan entre os 3 euros da entrada xeral e os 2.25 da bonificada (menores de 18 e maiores de 65 anos).

Protagonizada por María Torres, baixo a dirección de Gonçalo Guerreiro, *Kyoki* -palabra que significa “demencia” en xaponés- é unha creación destinada ao público infantil e familiar a partir dos 5 anos. A peza investiga, dun xeito poético e cómico, sobre a alteración da capacidade para recordar, pensar ou tomar decisións. Porque, se ben é certo que esta condición adoita aparecer en persoas de idade avanzada... Quen non esqueceu algunha vez onde colocara a caixa das galletas? Ou, quen, por distracción, non vestiu nunca o xerseí do revés? *Kyoki* quere ser unha ollada sensible ás experiencias que viven as persoas que precisan ser coidadas e mais as propias coidadoras.

A través dunha linguaxe xestual fundamentada na manipulación de obxectos e na interacción constante co dispositivo escénico, o espectáculo crea un universo cómico e poético que viaxa do realismo á hipérbole da vida cotiá. O xogo teatral de *Kyoki* baséase no traballo plástico da corporalidade da protagonista en escena e na súa constante interacción cos elementos escenográficos, para definir unha secuencia dramática na que a imaxe toma un total protagonismo. A posta en escena fundaméntase xa que logo na dinámica pictórica da organización do espazo teatral e na narrativa das propias accións físicas que reflicten desexos, sentimentos e todos os estados dramáticos definidos.

Kyoki é un espectáculo sen palabras que reúne artes do movemento, artes plásticas e unha rigorosa sintonía dos xestos coa música instrumental orixinal. Na historia están presentes tres personaxes -a avoa, a súa filla e unha doutora-, todas elas representadas pola actriz protagonista. O espazo escénico está construído para evocar ao mesmo tempo unha casa, un hospital e a rúa. Diseñada para funcionar como o lenzo dun pintor, a escenografía é un fondo estético que pouco a pouco é habitado polo corpo da intérprete e polos obxectos por ela manipulados, co obxectivo de manter sempre viva unha composición pictórica xerada por formas, cores e movementos. O fondo azul con liñas que se cruzan de xeito irregular en ángulos rectos está dotado de varias aperturas camufladas, que permiten a entrada e saída de innumerables elementos escénicos, o que provoca suxestivos e reveladores efectos sorpresa.

Cómpre sinalar que *Kyoki* presentouse o pasado febreiro en **FETEN 2024** (Feria Europea de Artes Escénicas para Niños y Niñas), un dos encontros máis importante do sector que se celebra anualmente en Xixón. A obra de Elefante Elegante formou parte dos 76 espectáculos escolleitos entre as máis de 800 propostas recibidas en FETEN na súa 33ª edición.

SOBRE A COMPAÑÍA

Elefante Elegante nace do desexo de desenvolver unha linguaxe plástica, poética e universal que non dependa exclusivamente do texto e que permita indagar en temáticas de carácter social e existencial. As súas creacións xorden do diálogo do teatro físico coa danza, coa música e coas artes visuais. Os espectáculos de Elefante Elegante están baseados na relación do corpo co espazo e reflicten unha rigorosa investigación de xestos, movementos e imaxes.

O xogo teatral baséase no traballo plástico dos intérpretes e na súa constante interacción cos elementos escenográficos. A narrativa das accións físicas varía entre a abstracción do movemento bailado e a construción da trama teatral. O corpo contén de seu todos os segredos

e revelacións dunha posta en escena que se fundamenta na organicidade do dispositivo escénico e na dinámica pictórica da organización do espazo sonoro e literario.

A compañía foi fundada por María Torres e Gonçalo Guerreiro no ano 2000 e residiu os primeiros anos en Bélxica, ata instalarse en Galicia no 2007. O grupo comezou como un proxecto experimental do que facían parte actrices e actores de diferentes países europeos. En escena, cada intérprete falaba a súa propia lingua. Ese foi o motor para iniciar a súa práctica en torno ao xogo corporal. Actualmente, Elefante Elegante ten a súa sede no concello de Culleredo (A Coruña), onde é compañía residente. Os seus espectáculos foron recoñecidos con varios premios María Casares.

Este ano son candidatos aos Premios Max á mellor dirección de escena e foron gañadores dos Premios María Casares 2024 á mellor dirección de movemento pola obra *Un hotel de primeira sobre o río*, do Centro Dramático Galego.

CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira - 620 113 155

Bea Pérez - 604 070 409

prensa@theofficeco.es

DESCARGA KIT DE PRENSA

<https://cutt.ly/Kyoky>

MÁIS INFORMACIÓN

www.elefanteelegante.net

'KYOKI' I ARTEIXO

Venres 19 abril | 18.30 h | Auditorio de Arteixo

Prezo: 3 € entrada xeral | 2.25 € entrada con desconto (menores de 18 e maiores de 65 anos)

Venda anticipada: <https://eventosarteixo.com/>

O día da función, na billeteira do Auditorio | 11.30-13.30 h e 16.30-18.30 h

Tráiler: <https://youtu.be/TmCbkGU2hTY>